

**I PREMIO DE INVESTIGACIÓN DA FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS / EU DE ESTUDOS EMPRESARIAIS DA UDC PARA ALUMNADO E PAS. Convocatoria 2009**

## **1. OBXECTIVOS**

A Vicerreitoría de Cultura e Comunicación, a través do Servizo de Normalización Lingüística, en colaboración coas Comisións de Normalización Lingüística da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e da EU de Estudos Empresariais, convocan o I Premio de Investigación da Facultade de CC. Económicas e Empresariais / EU de Estudos Empresariais para o Alumnado e o PAS deses centros, cos seguintes obxectivos:

- Promover a implicación do alumnado e do PAS de ambos os centros a respecto da nosa lingua no contorno en que se desenvolven as súas actividades.
- Fomentar a investigación en lingua galega en temas de índole económica ou empresarial.

## **2. PARTICIPANTES**

Poderán concorrer a este premio os/as alumnos/as e PAS da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ou da Escola Universitaria de Estudos Empresariais da Universidade da Coruña, incluídos os matriculados nos mestrados e no terceiro ciclo.

## **3. CATEGORÍAS**

Modalidade de convocatoria:

- Os traballos serán inéditos, versarán sobre calquera temática de índole económica ou empresarial e estarán redactados en galego.
- A extensión dos traballos non deberá superar as 12.000 palabras, notas e bibliografía incluídas.

## **4. TRAMITACIÓN**

Os traballos (un exemplar en papel e unha copia en formato electrónico: word ou pdf) serán enviados a "Premio Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais / Escola Universitaria de Estudos Empresariais da Universidade da Coruña. Alumnado e PAS", campus de Elviña, 15071 A Coruña e ao enderezo electrónico [decanato.economicas@udc.es](mailto:decanato.economicas@udc.es).

Os traballos presentaranse anonimamente, baixo lema. En sobre pechado, á parte, ademais de especificar o enderezo do/da autor/a, o número de teléfono e o n.º de conta bancaria, deberase achegar a fotocopia do DNI.

## **5. PRAZO DE PRESENTACIÓN**

O prazo fixado para a presentación dos traballos será o 15 de outubro de 2009.

## **6. PREMIOS**

A contía dos premios será a seguinte:



- Un premio de 1000 €
- Un accésit de 500 €
- Un accésit de 200 €

Estes premios irán con cargo á aplicación orzamentaria 9898.9995.422D.480.08.

## 7. SELECCIÓN

O xurado estará composto por

- a) O decano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ou profesor/a da Facultade en quen delegue.
- b) A directora da Escola Universitaria de Estudos Empresariais ou profesor/a da Escola en quen delegue.
- c) Os/as directores/ras dos departamentos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais/ Escola Universitaria de Estudos Empresariais ou profesores/as destes departamentos en quen deleguen.
- d) Unha persoa do Servizo de Normalización Lingüística da UDC

Para a selección dos traballos premiados teranse en conta os seguintes criterios:

- A orixinalidade do traballo
- A orientación aos temas económico-empresariais da realidade galega
- O estudo e a presentación de medidas económicas que expliquen a actual crise económica
- A calidade da lingua
- A adecuación ao ensino

## 8. AVALIACIÓN E RESOLUCIÓN

A resolución do xurado será inapelable e daráselle a publicidade conveniente, nun prazo máximo dun mes desde a data límite de presentación dos traballos.

O xurado poderá declarar o premio deserto se a calidade dos traballos non acadase o nivel mínimo esixible.

A presentación de traballos supón a aceptación destas bases.

A Coruña, 30 de xullo de 2009

O vicerreitor de Cultura e Comunicación

Luís Caparrós Esperante



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Nome e apelidos \_\_\_\_\_

NIF \_\_\_\_\_ Enderezo \_\_\_\_\_

CP \_\_\_\_\_ Provincia \_\_\_\_\_ Teléfono/s \_\_\_\_\_

Correo electrónico \_\_\_\_\_

**SOLICITO:**

**Que se me admita a documentación para participar no I Premio de Investigación da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais / EU de Estudos Empresariais da UDC para alumnado e PAS. Convocatoria 2009.**

Para isto:

achego un sobre que inclúe o meu traballo para este concurso e mais un sobre pechado cos meus datos persoais, segundo o punto 4 da convocatoria deste premio.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Sinatura) \_\_\_\_\_

I PREMIO DE INVESTIGACIÓN DA FACULTADE DE CC. ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS/EU DE ESTUDOS EMPRESARIAS. ALUMNADO E PAS. CONVOCATORIA 2009.

FACULTADE DE CC. ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS  
EU DE ESTUDOS EMPRESARIAS CAMPUS DE ELVIÑA